

ORDENANZA XERAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE URBANO

LIBRO II.-PROTECCION DAS ZONAS VERDES

TITULO I.-DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 61.-Esta Ordenanza ten por obxecto, no que constitúe o contido do Libro II, a regulamentación da implantación, conservación, uso e disfrute das zonas verdes do Término Municipal, así como dos distintos elementos instalados nelas, procurando a súa mellor preservación por ser ámbitos imprescindibles para o equilibrio do ambiente urbano.

Artigo 62.

- 1.-Para os efectos desta Ordenanza consideraranse zonas verdes os espazos destinados á plantación de arborado e xardinería conforme ás determinacións dos plans de ordenación urbana.
- 2.-Tocante á definición e clase de zonas verdes rexerá o establecido no Plan Xeral de Ordenación Urbana.
- 3.-En todo caso serán considerados como zonas verdes, para os efectos desta Ordenanza, as prazas e pequenos xardíns viarios, as aliñacións de árbores en beirarrúas e paseos e as xardineiras e elementos de xardinería instalados nas vías públicas.

TITULO II.-IMPLANTACION DE NOVAS ZONAS VERDES

Artigo 63.

- 1.-As novas zonas verdes axustaranse na súa localización ó establecido nos Plans de Ordenación Urbana, e nas súas instalacións ás normas específicas sobre normalización de elementos constructivos.
- 2.-As novas zonas verdes manterán aqueles elementos naturais como a vexetación orixinal existente, cursos de auga ou zonas húmidas, configuracións topográficas do terreo en calquera outro que conforme as características ecolóxicas da zona; e que servirán de soporte ós novos podendo converterse, en casos específicos, en condicionantes principais do deseño.

Artigo 64.

- 1.-Tocante á implantación, as novas zonas verdes deberán cumprilas seguintes normas:
 - 1.. Respetaranse tódolos elementos vexetais ós que se fai referencia no artigo anterior.

- 2.. Para as novas plantacións elixiranse especialmente vexetais autóctonos ou compatibles co clima de Galicia.
- 3.. Non se utilizarán especies que neses momentos estean declaradas expostas a pragas e enfermidades con carácter crónico e que como consecuencia poidan ser focos de infección.
- 4.. As plantas que se utilicen deberán encontrarse en perfecto estado sanitario, sen golpes nin machacaduras que poidan resultar infectadas. O seu tamaño deberá ser o adecuado para un desenvolvemento óptimo do vexetal, sen desequilibrios orgánicos que provoquen enfermidades no mesmo ou volcos por debilidade do sistema reticular.
- 5.. Cando as árbores haxan estar preto das edificacións elixiranse aquelas que non poidan producir polo seu tamaño ou porte unha perda de iluminación ou soleamento naqueles, danos nas infraestruturas ou levantamento de pavimentos ou beirarrúas. Para este efecto establécese como norma de obrigado cumprimento a separación mínima de edificios, instalacións e medianeiras de 3 metros para o caso de árbores de 0,50 metros para o das restantes plantas.
- 2.-En calquera caso, os promotores poderán formular consultas ós Servicios Municipais relacionados coa implantación de zonas verdes.

Artigo 65.

- 1.-Tódolos traballos en árbores públicos, realizados por Empresas concesionarias, deberán estar baixo o control dos Técnicos Municipais encargados da materia, por medio de especificacións escritas, licencias e inspeccións.
- 2.-As redes de servizos (eléctricas, telefónica, de saneamento, distribución de auga, etc.) que haxan atravesas-las zonas verdes, deberán facelo de forma subterránea, debidamente canalizadas e sinalizadas.
- 3.-As redes de servizos públicos non poderán usarse en ningún caso, para interese ou finalidade privada. De forma especial prohíbese o uso de auga da rede municipal de rego para xardíns privados.

TITULO III.-CONSERVACION DE ZONAS VERDES

Artigo 66.- Tódolos propietarios de zonas verdes están obrigados a mantelos en bo estado de conservación, sendo pola súa conta os gastos que isto ocasione.

Artigo 67.- Calquera propietario dun inmovible con fachada á rúa e árbores no mesmo, terá a obriga de podalos de xeito que non obstrúan ou dificulten a iluminación da vía pública, e impidan a visibilidade en cruces, interseccións ou pasos.

Artigo 68.-As árbores e arbustos que integren as zonas verdes, serán podados adecuadamente na medida en que a alta desta operación poida supor un detrimento no vigor vexetativo, un aumento da susceptibilidade ó ataque de pragas e enfermidades ou un perigo de caída de pólas secas.

Artigo 69.

1.-Os regos precisos para a subsistencia dos vexetais incluídos en calquera zona verde, deberán realizarse cun criterio de economía de auga, en concordancia co mantemento ecolóxico do sistema que favorece a resistencia das plantas a períodos de seca, empuxes do vento, ataques de criptógamas, etc.

2.-A zona verde que posúa recursos propios de auga, será regada con estes recursos sempre que isto sexa posible.

Artigo 70.

1.-Todo propietario dunha zona verde queda obrigado a realiza-los oportunos tratamentos fitosanitarios preventivos, pola súa conta, para evitar pragas e enfermidades das plantas desta zona verde.

2.-Para o caso de que unha praga ou enfermidade se declare nas plantacións dunha zona verde, o propietario deberá dar ás mesmas e pola súa conta, o correspondente tratamento fitosanitario no prazo máximo de oito días, debendo en caso necesario, proceder a suprimir e eliminar estas plantacións de forma inmediata.

Artigo 71.-Os xardíns e zonas verdes públicos e privados deberán encontrarse en todo momento nun estado satisfactorio de limpeza e ornato así como libres de maleza espontánea, nun grao no que non poidan ambas cousas ser causa de infección ou materia doadamente combustible.

Artigo 72.-Os titulares de quioscos, bares, etc., que integren nas súas instalacións algún tipo de plantación, deberán velar polo bo estado das mesmas.

Artigo 73.-Cando na realización das redes de servizo se haxa proceder á apertura de regos en zonas axardinadas xa consolidadas, deberase evitar que estes afecten ós sistemas radiculares dos elementos vexetais existentes, debendo restituír ó finaliza-las obras correspondentes, a zona axardinada ó seu estado primitivo, reparando calquera elemento que fora danado.

TITULO IV.-USA DAS ZONAS VERDES

CAPITULO I.-NORMAS XERAIS

Artigo 74.-Tódolos cidadáns teñen dereito ó uso e disfrute das zonas verdes públicas, de acordo co establecido na presente Ordenanza e demais disposicións aplicables.

Artigo 75.-Os lugares ós que se refire a presente Ordenanza, pola súa calificación de bens de dominio e uso público, non poderán ser obxecto de privatización do seu uso en actos organizados que pola súa finalidade, contido, características ou fundamento, presupuña a utilización de tales recintos con fins particulares, en detrimento da súa propia natureza e destino.

Artigo 76.-Cando por motivos de interese se autoricen nestes lugares actos públicos, deberanse toma-las medidas previsoras necesarias para que a maior afluencia de persoas ós mesmos non cause detrimento nas plantas e mobiliario urbano. En todo caso, tales autorizacións deberán ser solicitadas coa antelación suficiente para adopta-las medidas precautorias necesarias.

Artigo 77.

1.-Os usuarios das zonas verdes e do mobiliario urbano instalado nas mesmas, deberán cumpra-las instrucións que sobre a súa utilización figuren nos indicadores, anuncios, rótulos e sinais existentes.

2.-En calquera caso deberán atende-las indicacións que formulen os Axentes da Policía Municipal e o persoal de Parques e Xardíns.

CAPITULO II.-PROTECCION DE ELEMENTOS VEXETAIS

Artigo 78.-Con carácter xeral, para a boa conservación e mantemento das diferentes especies vexetais das zonas verdes, non se permitirán os seguintes actos:

- 1.. Toda manipulación realizada sobre as árbores e plantas.
- 2.. Camiñar por zonas axardinadas acoutadas.
- 3.. Pisa-lo céspede de carácter ornamental, introducirse no mesmo e utilízalo para xogar, repousar ou deitarse sobre el.
- 4.. Cortar flores, pólas ou especies vexetais.
- 5.. Talar, apear ou podar árbores situadas en espazos públicos sen a autorización municipal expresa.

6.. Aclarar, arrincar ou partir árbores, pelar ou arrincalas súas cortizas, cravar pntas, atar ós mesmos, escaleiras, ferramentas, soportes de andamiaxe, ciclomotores, bicicletas, carteis ou calquera outro elemento, gabear ou subir ós mesmos.

7.. Depositara, aínda de forma transitoria, materiais de obra sobre ás árbores, ou verteránelas calquera clase de productos tóxicos.

8.. Botar en zonas axardinadas lixo, residuos, cascotes, pedras, papeis, plásticos, graxas ou productos cáusticos ou fermentables ou calquera outro elemento que poida dana-las plantacións.

9.. Prender lume, calquera que sexa o motivo, en lugares que non estean expresamente autorizados e non señan instalacións adecuadas para facelo.

Artigo 79.-Se nalgún caso é necesario arrincar ou trasladar unha ou varias árbores dun macizo de xardín, pola modificación da superficie pavimentada dunha rúa, o Concello replanteará ou substituirá estas árbores.

Artigo 80.-Tódalas árbores de calquera rúa ou propiedade pública, próximas a unha escavación ou construción de calquera edificio, estrutura ou obra na rúa, deberá defenderse cun só valado de 1,20 m. de altura e 2,40 m. de lado como mínimo. Todo o lixo, escombros, material de construción, etc., deberá quedar fóra do valado, deixando exenta a árbore.

CAPITULO III.-PROTECCION DE ANIMAI

Artigo 81.

1.-Para a boa conservación e mantemento das zonas verdes, así como das lagoas, estanques e fontes existentes nos mesmos non se permitirán os seguintes actos:

1.. Cazar calquera tipo de animal, así como escorrentalas pombas, paxaros e calquera outra especie de ave ou animal, perseguilos ou consentir que os persigan cans ou outros animais.

2.. Pescar, inquietar ou causar dano ós peixes, así como botar calquera clase de obxectos e desperdicios ás lagoas, estanques, fontes e ríos.

3.. A utilización en tales lugares de utensilios ou armas destinados á caza de aves ou outros animais, como tiradores de goma, cepos, escopetas de aire comprimido, etc.

Artigo 82.-Os usuarios das zonas verdes non poderán abandonar nestes lugares especies animais de ningún tipo. Cando polas características e circunstancias de determinados animais sexa aceptable a súa doación, esta poderá ser autorizada polo Concello.

Artigo 83.-Os cans deberán ir conducidos por persoas e provistos de correa, salvo nas zonas debidamente acoutadas para eles, circulando polas zonas de paseo dos parques, evitando causar molestias ás persoas, achegarse ós xogos infantís, penetrar no céspede, nos macizos axardinados, nos estanques ou fontes e escorrenta-las pombas, paxaros e outras aves.

Os seus condutores coidarán de que depositen as súas dexeccións nos lugares apropiados e sempre alonxados dos de ubicación de xogos infantís, zonas de nenos, etc.

O propietario do can será responsable do seu comportamento, de acordo coa normativa aplicable.

CAPITULO IV.-PROTECCION DO MEDIO

Artigo 84.-A protección da tranquilidade e sosego que integran a propia natureza das zonas verdes, esixe que:

a)A práctica de xogos e deportes se realice nas zonas especificadamente acoutadas cando concorran as seguintes circunstancias:

1º.-Poidan causar molestias ou accidentes ás persoas.

2º.-Poidan causar danos e deterioros a plantas, árbores, bancos e demais elementos de mobiliario urbano, xardíns e paseos.

3º.-Impidan ou dificulten o paso de persoas ou interrompan a circulación.

4º.-Perturben ou molesten de calquera forma a tranquilidade pública.

b)As actividades publicitarias realizaranse coa expresa e previa autorización municipal.

c)As actividades artísticas de pintores, fotógrafos e operadores cinematográficos ou de televisión, poderán ser realizadas nos lugares utilizables polo público. Deberán absterse de atranca-la utilización normas do parque e terán a obriga, de cumprimentar tódalas indicacións que lles sexan feitas polos axentes de vixilancia.

As filmacións cinematográficas ou de televisión, con miras a escenas figurativas, e a colocación ou carrexamento de materiais e instalacións de carácter especial para tales operacións, terán que ser autorizadas dunha forma concreta polo Concello.

d)As actividades industriais restrinxiranse ó máximo, limitándose á venda ambulante de calquera clase de produtos, que soamente poderá efectuarse coa correspondente autorización municipal expresa para cada caso concreto.

A instalación de calquera clase de industrias, comercios, restaurantes, venda de bebidas ou refrescos, xelados, etc., requirirá autorización ou concesión administrativa do Concello, obtida coa tramitación que a normativa aplicable dispoña en cada caso concreto.

Os concesionarios deberán limitarse á actividade autorizada, sendo responsables das súas extralimitacións e incumprimento das mesmas.

e)Non sendo nos lugares especialmente habilitados para o efecto non se permitirá acampar, instalar tendas de campaña e vehículos para tal efecto habilitados.

Artigo 85.-Nas zonas verdes non se permitirá:

a)Lavar vehículos, roupas ou proceder ó tendido delas e tomar auga das bocas de rego.

b)Efectuar inscricións ou pegar carteis nos valados, soportes de alumeado público ou en calquera elemento existente nos parques e xardíns.

c)Instalar calquera tipo de modalidade publicitaria nos parques. Nas restantes zonas verdes soamente se autorizarán elementos publicitarios previamente homologados polo Concello.

d)Realizar nos seus recintos calquera clase de traballos de reparación de automóbiles, albanelería, xardinería, electricidade, etc., e de se trata de elementos propios do parque ou de instalacións de concesionarios, requirirase a preceptiva autorización do Concello.

CAPITULO V.-VEHICULOS NAS ZONAS VERDES

Artigo 86.

a)Bicicletas.

Os nenos de ata dez anos poderán circular en bicicleta polos paseos interiores dos parques, sempre que a escasa afluencia de público o permita e non causen molestias ós demais usuarios dos parques.

b)Circulación de vehículos de transporte.

Non poderán circular polos parques salvo:

1º.-Os destinados exclusivamente a Empresas de servicios de quioscos ou instalacións semellantes.

2º.-Os do Concello de Santiago.

c)Vehículos de eivados.

Poderán circular os que non desenvolvan unha velocidade superior ós 10 km./h.

Artigo 87.-A entrada e circulación de vehículos nos parques será regulada de forma específica e concreta para cada un deles, mediante a correspondente sinalización que para tal efecto se instala nos mesmos.

CAPITULO VI.-PROTECCION DE MOBILIARIO URBANO

Artigo 88.

1.-O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns e zonas verdes, consistente en bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalización, farolas e elementos decorativos, como adornos, estatuas, etc., deberá manterse no máis adecuado e estético estado de conservación. Os causantes do seu deterioro ou destrucción serán responsables non soamente do resarcimento do dano producido, senón que serán sancionados administrativamente de conformidade coa falta cometida. Así mesmo, serán sancionados os que facendo un uso indebido de tales elementos perxudiquen a boa disposición e utilización dos mesmos polos usuarios de tales lugares; para este efecto, e en relación co mobiliario urbano, establécense as seguintes limitación:

a)Bancos.

Non se permitirá o uso inadecuado dos mesmos, arrinca-los bancos que estean ficos, traslada-los que non estean fixados ó chan a unha distancia superior ós dous metros, agrupar bancos de forma desordenada, realizar comidas sobre os mesmos en forma que poidan manchalos seus elementos, realizar inscricións ou pintadas sobre eles, e calquera acto contrario á súa normal utilización ou que deteriore á súa conservación.

As persoas encargadas do coidado dos nenos deberán evitar que estes, nos seus xogos, depositen sobre os bancos, area, auga, barro ou calquera elemento que poida ensucialos ou manchar ós usuarios dos mesmos.

b)Xogos infantís.

A súa utilización realizarase polos nenos con idades comprendidas nos sinais para tal efecto establecidas, non permitíndose a utilización dos xogos infantís polos adultos ou por menores de idade superior á que se indique expresamente en cada sector ou xogo, así como tampouco a utilización dos xogos en forma que exista perigo para os seus usuarios, ou en forma que poidan deteriorarse ou romperse.

c)Papeleiras.

Os refugallos ou papeis deberanse depositar nas papeleiras para tal fin establecidas.

Os usuarios deberanse abster de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, voltalas e arrincalás, así como de faver inscricións nas mesmas, adherir papeis ou outros actos que deteriore a súa presentación.

d)Fontes.

Os usuarios deberanse abster de realizar calquera manipulación na fonte que non sexa a propia do seu funcionamento normal, así como a práctica de xogos nas fontes de beber.

Nas fontes decorativas, chafarices, bocas de rego, etc., non se permitirá beber, utiliza-la auga das mesmas, bañarse ou introducirse nas súas augas, practicar xogos, así como toda manipulación dos seus elementos.

e)Sinalización, farolas, estatuas e elementos decorativos.

Nestes elementos de mobiliario urbano non se permitirá rubir, subirse, abanearse ou facer calquera acción ou manipulación sobre estes elementos de mobiliario urbano, así como calquera acto que ensucie, dane ou deteriore ós mesmos.

TITULO V.-REXIME DISCIPLINARIO

CAPITULO I.-NORMAS XERAIS

Artigo 89.

- 1.-Calquera persoa natural ou xurídica poderá denuncia-las infraccións a esta Ordenanza en relación coas zonas verdes.
- 2.-As denuncias, nas que se exporán os feitos considerados como presuntas infraccións, darán lugar á incoación do oportuno expediente e a súa resolución será comunicada ós denunciante.

CAPITULO II.-INFRACCIONS

Artigo 90.

- 1.-Considéranse infraccións administrativas, en relación co contido do presente Libro, as infraccións ou omisións que contraveñan o establecido no mesmo.
- 2.-As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, conforme se determina nos artigos seguintes.

Artigo 91.-Considéranse infracción leve:

- 1.. As deficiencias de conservación de zonas verdes en aspectos non tipificados como infraccións de maior gravidade nos apartados seguintes.

- 2.. A existencia de posibilidade real de aproveitar recursos propios de auga para rego sen que esta posibilidade se poña en práctica.
 - 3.. As deficiencias en limpeza das zonas verdes.
 - 4.. Deteriora-los elementos vexetais; atacar ou inquietar ós animais existentes nas zonas verdes ou abandonar nas mesmas especies animais de calquera tipo.
 - 5.. Practicar xogos e deportes en sitios e forma inadecuados.
 - 6.. Usar indebidamente o mobiliario urbano.
- 2.-Considéranse infraccións graves:
- 1.. A reincidencia en infraccións leves.
 - 2.. A implantación de zonas verdes contravindo o disposto nos artigos 64 e 65.
 - 3.. O gasto excesivo de auga no mantemento das zonas verdes.
 - 4.. As deficiencias na aplicación de tratamentos sanitarios coa debida dosificación e oportunidade.
 - 5.. Cando as plantacións que se encontren dentro da influencia dos concesionarios de quioscos, bares, etc., presenten síntomas de que foron regadas con auga con deterxentes, sal ou calquera outro produto nocivo. Se estas anomalías chegasen a produci-la morte das plantas, deberán ademáis custea-la plantación doutras iguais. A reincidencia nesta falta pode conleva-la anulación da concesión.
 - 6.. As deficiencias na limpeza das zonas verdes cando leven a accidentes ou infeccións.
 - 7.. A apertura de regos contravindo o establecido no artigo 72.

8.. Destruir elementos vexetais; ou causar danos ós animais existentes nas zonas verdes ou por pastoreo non autorizado.

9.. Practicar, sen autorización, as actividades ás que se refire o artigo 82, quitando as consideradas como infraccións leves.

1.. Usar bicicletas en lugares non autorizados.

2.. Causar danos ó mobiliario urbano.

3.-Consideráanse infraccións moi graves:

1.. A reincidencia en infracción grave.

2.. Que a acción ou omisión infractora afecte a plantacións que estivesen catalogadas como de interese público.

3.. Que o estado dos elementos vexetais supoña un perigo de propagación de pragas ou enfermidades ou entrane grave risco para as persoas.

4.. A celebración de festas, actos públicos ou competicións deportivas sen autorización municipal.

5.. Usar vehículos de motor en lugares non autorizados.

CAPITULO III.-SANCIONS

Artigo 92.

1.-Sen prexuízo de esixir, cando proceda, a correspondente responsabilidade civil ou penal, as infraccións ós preceptos desta Ordenanza serán sancionadas da forma seguinte:

1.. As leves con multas de 5.000 pesetas.

2.. As graves con multas de 5.000 a 10.000 pesetas.

3.. As moi graves con multas de 10.000 a 15.000 pesetas.

4.. Todas estas multas sen mingua das sancións superiores autorizadas legalmente pola autoridade competente.

2.-En todo caso, os danos causados nos bens de dominio público deberanse resarcir adecuadamente.

3.-A cuantía das sancións graduarase tendo en conta a gravidade do dano realizado, a intencionalidade, a reincidencia e demais circunstancias que concorran.

4.-Entenderase que incorre en reincidencia quen fora sancionado por unha infracción ás materias deste Libro durante os doce meses anteriores.

LIBRO III.-PROTECCION DOS RECURSOS HIDRAULICOS DIANTE DA CONTAMINACION POR VERTIDOS NON DOMESTICOS

TITULO I.-DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 93.-E obxecto desta Ordenanza, no que constitúe o contido do seu Libro III, a regulamentación dos vertidos non domésticos de augas residuais procedentes das instalacións ubicadas no Término Municipal de Santiago de Compostela, dirixida á protección dos recursos hidráulicos, a preservación da rede de sumidoiros e da Estación Depuradora de Augas Residuais.

Artigo 94.-Esta regulamentación establece as condicións e limitacións dos vertidos sinalados no artigo anterior tendo en conta a súa afección á rede de colectores e Estación Depuradora, ó canal receptor final e a utilización de subproductos, así como á xeración de riscos para o personal encargado do mantemento das instalacións.

Artigo 95.-Sen prexuízo do establecido neste Ordenanza, os dispositivos de evacuación de vertidos, as conexións á rede de saneamento e, en xeral, as instalacións para esta finalidade, axustaranse ás normas do Plan Xeral de Ordenación Urbana e Ordenanzas que as desenvolven así como ás específicas que regulen as condicións sanitarias dos mesmos.

TITULO II.-CONDICIONS DOS VERTIDOS

CAPITULO I.-VERTIDOS NON PERMITIDOS

Artigo 96.-Quedan totalmente prohibidos os vertidos directos ou indirectos á rede de sumidoiros de tódolos compostos e materias que de forma non exhaustiva e agrupados por afinidade ou semellanza de efectos, se sinalan de seguido:

1.. Misturas explosivas: Líquidos, sólidos ou gases que por razón da súa natureza e cantidade sexan ou poidan ser suficientes, por sí mesmos ou en presenza doutras substancias, de provocar lume ou explosión. En ningún momento, dúas medidas sucesivas efectuadas mediante explosímetro, no punto de descarga á rede, deben dar valores superiores ó 5% do límite inferior de explosividade, nin tampouco unha medida illada debe superar nun 10% o dito límite.

2.. Restos sólidos viscosos: Restos sólidos ou viscosos que provoquen ou poidan provocar atrancos no fluxo do sumidoiro, ou interferi-lo adecuado funcionamento do sistema de augas residuais.

Os materiais prohibidos inclúen, en relación non exhaustiva, graxas, tripas ou tecidos animais, esterco, osos, pelos, peles ou carnaza, entrañas, plumas, cinzas, escorias, areas, cal gastado, anacos de pedra ou mármore, cachos de metal, vidro, palla, virutas, recortes de céspede, trapos, grans, lúpulo, restos de papel, madeiras, plástico, alcatrán, residuos asfálticos, residuos do procesado de combustibles ou aceites lubricantes e semellantes e, en xeral, sólidos de tamaño superior a 1,5 cm. en calquera das súas dimensións.

3.. Materiais coloreados: Líquidos, sólidos ou gases que provoquen corrosión na rede de saneamento ou nas instalacións de depuración e tódalas substancias que poidan reaccionar coa auga para formar produtos corrosivos.

4.. Restos radiactivos: Restos radiactivos ou isótopos de vida media ou concentración tales que poidan provocar danos nas instalacións e/ou perigo para o persoal do mantemento das mesmas.

5.. Materiais nocivas e substancias tóxicas: Sólidos, líquidos ou gases en cantidades tales que por sí sos ou por interacción con outros restos, poidan causar molestia pública, ou perigo para o persoal encargado do mantemento e conservación da rede de colectores ou Estacións Depuradoras.

CAPITULO II.-INSTALACIONES DE PRETRATAMIENTO

Artigo 97.

1.-Para os casos nos que sexa esixible unha determinada instalación de pretratamento dos vertidos, o usuario deberá presenta-lo proxecto da mesma ó Concello e información complementaria ó respecto, para a súa revisión e aprobación previa, sen que se poidan alterar posteriormente os termos e especificacións do proxecto presentado.

2.-Poderase esixir por parte do Concello, a instalación de medidores de caudal de vertidos, nos casos en que non exista fiabilidade tocante ós datos ou estimacións dados polo usuario.

3.-O usuario será o responsable da construción, explotación e mantemento das instalacións necesarias, con obxecto de satisfacer as esixencias desta Ordenanza. A inspección e comprobación do funcionamento das instalacións é facultade e competencia do Concello.

CAPITULO III.-DESCARGAS ACCIDENTAIS

Artigo 98.

1.-Cada usuario deberá tomar as medidas adecuadas para evitar as descargas accidentais de vertidos que infrinxan a presente Ordenanza realizando as instalacións necesarias para isto, co criterio establecido no artigo anterior sobre instalación de pretratamento.

2.-De se producir algunha situación de emerxencia, o usuario deberá comunicar á Administración tal circunstancia co obxecto de que esta tome as medidas oportunas de protección das súas instalacións. De seguido, remitirá un informe completo detallando o volume, duración e características do vertido producido, así como as medidas adoptadas en previsión de que se produza de novo.

3.-A Administración terá a facultade de investigar as responsabilidades nas que se poidese incorrer en cada caso.

Artigo 99.- Ante unha situación de emerxencia ou con risco inminente de se producir un vertido inusual á rede de sumidoiros, que poida ser potencialmente perigoso para a seguridade das persoas e/ou instalacións, o usuario deberá comunicar urxentemente a situación producida e empregar todas aquelas medidas de que se dispoña co fin de conseguir minimizar o perigo. Posteriormente, o usuario remitirá ó Concello o correspondente informe.

Artigo 100.- O Concello facilitará ós usuarios un modelo de instrucións que se han de seguir ante unha situación temporal de perigo.

TITULO III.-CONTROL DOS VERTIDOS

CAPITULO I.-SOLICITUDE DE VERTIDOS

Artigo 101.- Toda descarga de augas residuais non domésticas á rede de sumidoiros, deberá contar coa correspondente autorización ou permiso de vertido concedido polo Concello na forma e condicións que se detallan.

Artigo 102.

1.-Os usuarios que teñan que efectuar vertidos á rede de sumidoiros solicitarán ó Concello o permiso indicado no artigo anterior.

2.-A solicitude, que se formalizará en modelo oficial, deberá xuntarse, como mínimo, á seguinte información.

1.. Nome, dirección de C.N.A.E. da Entidade xurídica do solicitante, así como os datos de identificación do representante que efectúa a solicitude.

- 2.. Volume de auga que consume a industria.
 - 3.. Volume de auga residual de descarga e réxime da mesma, horario, duración, caudal medio, caudal punta e variacións diarias, mensuais e estacionais, se as houber.
 - 4.. Constituíntes e características das augas residuais que inclúen tódolos parámetros que se describen nesta normativa, sen detrimento de que se indiquen determinacións non descritas nelas especificamente.
 - 5.. Planos de situación, planta, conduccións, instalacións mecánicas e descrición pormenorizada da rede de sumidoiros con dimensións, situacións e cotas.
 - 6.. Descrición da actividade, instalacións e procesos que se desenvolven.
 - 7.. Descrición do produto obxecto de fabricación, así como dos produtos intermedios ou subproductos, se os houber, indicando cantidade, especificacións e ritmo de produción.
 - 8.. Calquera outra información complementaria que o Concello estime necesaria para poder avalia-la solicitude da autorización.
- 3.-O Concello autorizará a descarga con suxeición ós termos, límites e condicións que se indiquen.
 - 4.-A autorización poderá incluí-los seguintes extremos:
 - 1.. Valores máximos e medios permitidos, en concentracións e en características das augas residuais vertidas.
 - 2.. Limitacións sobre o caudal e horario das descargas.
 - 3.. Esixencias de instalacións de pretratamento, inspección, mostreo e medición, en caso necesario.
 - 4.. Esixencias tocante ó mantemento, informes técnicos e rexistros da planta en relación co vertido.
 - 5.. Programas de cumprimento.

6.. Condicións complementarias que aseguren o cumprimento desta Ordenanza.

5.-O período de tempo da autorización estará suxeito a modificacións, se hai variacións por parte do propio vertido ou ben por necesidades do Concello. O usuario será informado con antelación das posibles modificacións e disporá de tempo suficiente de adaptación ó seu cumprimento.

6.-As autorizacións emitiranse con carácter intransferible no tocante á industria e proceso.

CAPITULO II.-INSPECCION

Artigo 103.-Polos Servicios correspondentes do Concello exercerase periódicamente a inspección e vixilancia das instalacións de vertido de auga á rede de sumidoiros, arquetas de rexistro correspondentes e instalacións do usuario, co obxecto de comproba-lo cumprimento do disposto na presente Ordenanza.

Artigo 104.-As inspeccións e controis poderán ser realizados por iniciativa do Concello, cando este o considere oportuno ou por pedimento dos propios interesados.

Artigo 105.-O usuario facilitará ós inspectores o acceso ás distintas instalacións, co fin de que poidan proceder á realización do seu cometido. Da mesma forma porán á disposición dos inspectores os datos, información, análises, etc., que estes lle soliciten, relacionados coa inspección.

Artigo 106.

1.-Os inspectores deberán acredita-la súa identidade mediante documentación expedida polo Concello.

2.-Non será necesaria a notificación previa das visitas que se efectúen en horas normais de funcionamento da actividade, debendo o usuario facilita-lo acceso ás instalacións, no momento no que aquelas se produzan.

Artigo 107.-Levantarse Acta da inspección realizada polo Concello, cos datos de identificación do usuariol, operacións e controis realizados, resultados de medicións e toma de mostras, e calquera outro feito que se considere oportuno facer constar por ámbalas dúas partes. Esta Acta asinarase polo Inspector e o usuario ó que se fará entrega dunha copia.

Artigo 108.-A inspección e control ós que se refire o presente capítulo consistirá total ou parcialmente en:

1.. Revisión das instalacións.

2.. Comprobación dos elementos de medición.

3.. Toma de mostras para a súa posterior análise.

4.. Realización de análises e medicións in situ.

5.. Levantamento da Acta de Inspección.

TITULO IV.-REXIME DISCIPLINARIO

CAPITULO I.-NORMAS XERAIS

Artigo 109.-Os vertidos á reade de sumidoiros que non cumpran calquera das limitacións ou prohibicións que se especifican na presente Ordenanza, darán lugar a que o Concello adopte algunha ou algunhas das medidas seguintes:

1.. Prohibición total do vertido cando, existindo o incumprimento este non poida ser corrixido nin nas instalacións municipais, nin nas do usuario.

2.. Esixir ó usuario a adopción das medidas necesarias que leven á modificación do vertido mediante un pretratamento do mesmo, ou modificación no proceso que o orixina.

3.. Esixir ó responsable de efectuar, provocar ou permiti-la descarga, o pagamento de tódolos gastos e custos adicionais a que o Concello tivera que facer frente como consecuencia dos vertidos, por pequenos defectos, avarías, limpeza, etc.

4.. Imposición de sancións, segundo se especifica no Capítulo II deste Título.

5.. Revocación, cando proceda, da autorización de vertido concedida.

Artigo 110.-Ante a gravidade dunha infracción ou para o caso de excesiva reiteración, o Concello poderá cursa-la correspondente denuncia ós Organismos competentes para os efectos das sancións que correspondan.

Artigo 111.-Os facultativos do Servicio Técnico encargado da inspección e control, poderán suspender provisoriamente a execución de obras ou instalacións relacionadas co vertido, así como impedir tamén provisoriamente o uso indebido da rede e as súas obras ou instalacións anexas, para o que se deberá cursar ó interesado, orde individualizada e por escrito que para mante-la súa eficacia deberá ser ratificada polo Organo municipal competente.

CAPITULO II.-INFRACCIONS

Artigo 112.

- 1.-Considéranse infraccións administrativas, en relación co presente Libro, as accións ou omisións contrarias ó establecido no mesmo.
- 2.-As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves conforme se determina no artigo seguinte.

Artigo 113.

- 1.-Considérase infracción leve:

- 1.. Non facilitar ós inspectores municipais o acceso ás instalacións ou á información solicitada polos mesmos.
- 2.. Omitir-la información ó Concello sobre as características da descarga do vertido ou cambios no proceso que afecte á mesma.

- 2.-Considérase infracción grave:

- 1.. As reincidencias en faltas leves.
- 2.. A falta de comunicación das situacións de emerxencia sinaladas no artigo 99.
- 3.. Non contar coas instalacións e equipo necesarios para a práctica das análises requiridas ou mantelas en condicións inadecuadas.
- 4.. Efectuar vertidos que esixen tratamento previo sen telo feito.
- 5.. Realizar vertidos afectados por limitacións sen respetar estas.
- 6.. Non contar con permiso municipal de vertido.

- 3.-Considérase infracción moi grave.

- 1.. A reincidencia en faltas graves.

2.. Realizar vertidos prohibidos.

CAPITULO III.-SANCIONS

Artigo 114.

1.-En detrimento de esixir, cando proceda, a correspondente responsabilidade civil ou penall, as infraccións ós preceptos desta Ordenanza serán sancionadas da forma seguinte:

- 1.. As leves con multas de ata 5.000 pesetas.
 - 2.. As graves con multas de 5.000 a 10.000 pesetas.
 - 3.. As moi graves con multas de 10.000 a 15.000 pesetas, con proposta de clausura da actividade, se é o caso.
 - 4.. Todas estas multas sen mingua das sancións superiores autorizadas legalmente pola Autoridade competente.
 - 5.. Todas estas multas sen prexucio de sanción superiores autorizadas legalmente pola Autoridade competente.
- 2.-Para gradua-la cuantía da sanción terase en conta a natureza da infracción, a gravidade do dano producido, a intencionalidade, reincidencia e demais circunstancias concorrentes.